




Henrique Rabuñal, as letras da inquedaanza

Henrique Rabuñal (Arteixo, 1962) desenvolveu boa parte da súa obra na poesía, pero a súa nova entrega é unha novela, *Ollos negros*, que acaba de publicar Espiral Maior e que supón a súa confirmación tras *A fariña das horas* (1998). *En Ollos negros*, Rabuñal crea un territorio literario, Touza, un mundo no que cabe a vida enteira: a memoria e os sonhos, a historia e o compromiso, a familia e o individuo. O autor apreixa os temas claves da súa obra literaria e, a partir deles, evoca ámbitos e escenarios moi queridos do século XX e debulla algunhas das grandes preocupacións do home actual.